



MINISTERIO  
DE MEDIO AMBIENTE,  
Y MEDIO RURAL Y MARINO

MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE,  
Y MEDIO RURAL Y MARINO

DEMARCACIÓN  
HIDROGRÁFICA  
DEL MIÑO-SIL

REGISTRO DE SALIDA OFICINA  
SERVICIOS CENTRALES  
22/11/2011 12:37:21



S061201100007203

DEMARCACIÓN HIDROGRÁFICA  
DEL MIÑO-SIL

PRESENCIA

S/REF.  
N/REF. Resposta Alegación Plan  
DATA 09 de novembro de 2011  
ASUNTO ALEGACIÓN AO PROXECTO DE  
PLAN HIDROLÓXICO MIÑO-SIL 2010-2015

*Ilmo. Sr. D. José Luis Álvarez Blanco  
Alcalde  
Concello de Pantón  
Praza do Concello, s/n - O Castro de Ferreira  
27430 PANTÓN - LUGO*

En primeiro lugar, desexo trasladarlle o noso agradecemento pola presentación da súa alegación ao proxecto de Plan Hidrolóxico da parte española da Demarcación Hidrográfica do Miño-Sil:

As máis de 600 observacións presentadas durante o período de consulta pública do proceso de planificación hidrolóxica son unha boa mostra da participación activa de todos os interesados para contribuír a promover, dende a responsabilidade compartida, unha xestión sostible, equilibrada e equitativa dos recursos hídricos das concas dos ríos Miño, Sil e Limia.

Unha vez analizada a súa alegación, e de conformidade co disposto tanto na Directiva 2000/60/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, pola que se establece un marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas, como na lexislación que a desenvolve, procédese a responder de forma motivada a cada unha das observacións presentadas.

### **Síntese da Alegación**

As observacións formuladas van referidas fundamentalmente ao uso recreativo e deportivo da auga como a navegación, a flotación e as actividades de ocio no medio acuático. Destácase o valor e a importancia deste tipo de uso polo seu interese turístico e efecto económico. Principalmente detéctase unha falta de información sobre os usos recreativos na bacía e as posibilidades de desfrute. Proponse a adición de regulación normativa máis detallada para as actividades de navegación e flotación, para completar o artigo 48, onde se indiquen as zonas aptas e non aptas para a navegación, diferenciando entre remo e vela, horarios e datas. Tamén se suxire a elaboración unha normativa

CORREO ELECTRÓNICO:  
presidencia@chminossil.es

CURROS ENRÍQUEZ, 4-2º  
32003 OURENSE  
TEL.: 988 399 403



específica sobre a ordenación e regulación de usos deportivos e recreativos no medio acuático. Finalmente o Concello de Pantón solicita a incorporación ao PH dun listado de pretensións a levar a cabo nas augas do Club náutico de Maiorga.

### ***Resposta Motivada***

En relación coa proposta de incorporar un listado detallado de zonas aptas para a navegación e a elaboración de normativa específica no Plan, a Confederación Hidrográfica no Anexo 2 da Declaración Responsable para o exercicio da Navegación e Flotación na Bacía do Miño-Sil especifica as condicións xerais da navegación a aplicar en todos os encoros da Demarcación, ademais, especifica aqueles encoros e ríos, nos que se prohíbe ou pola contra está permitida a navegación e o tipo de navegación admitida en cada un deles.

Con respecto á solicitude das pretensións a levar a cabo en augas do Club náutico de Maiorga, na lexislación proposta no borrador do Plan Hidrolóxico da Demarcación do Miño-Sil non se prohíbe a navegación con motor eléctrico. Non é obxecto deste Plan autorizar as propostas específicas formuladas; non obstante, como se reflicte no artigo 48, a navegación e flotación serán usos comúns especiais suxeitos a declaración responsable por parte do titular da actividade e tramitarase a través de autorización calquera uso relacionado coa navegación e flotación en augas da bacía da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil que, pola súa especial intensidade, poida afectar á utilización do dominio público hidráulico por terceiros. Por iso, as cuestións particulares a levar a cabo en augas do Club náutico de Maiorga deberanse remitir á Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, mediante calquera das vías descritas na Lei 30/92 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas.

Conforme ao exposto, a súa alegación foi resolta nos termos transcritos. Así mesmo, segundo o disposto no Artigo 74.3 do Real Decreto 907/2007 elaborárase un documento de síntese sobre todas as alegacións recibidas no que se xustificará como foron tomadas en consideración e cuxas conclusións serán integradas na redacción final do Plan.



Por último, co obxecto de garantir a todos os interesados os dereitos de acceso á información ambiental, infórmolle que tanto a súa alegación como a resposta motivada estará accesible na páxina electrónica desta Confederación Hidrográfica, xunto con toda a documentación relativa ao Plan Hidrolóxico 2010-2015.

Reiterando o noso agradecemento pola súa importante colaboración, saúdao atentamente,

Francisco F. Fernández Liñares

Presidente



